

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 20.02.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 20 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Proposicións non de lei**

- 1.1 33674 (10/PNC-002757)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis  
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co Centro de Reforma de Menores Avelino Montero, de Pontevedra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018*
- 1.2 42773 (10/PNC-003452)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a contención mecánica de persoas atendidas en institucións psiquiátricas e residenciais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019*
- 1.3 43629 (10/PNC-003497)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para recuperar a área sanitaria de Valdeorras, dotala de recursos materiais e humanos suficientes e esclarecer a denuncia de falsificación de partes de garda  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019*
- 1.4 44424 (10/PNC-003563)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre a cobertura por parte do Goberno galego das prazas vacantes, das baixas, dos permisos e das vacacións, así como o mantemento do actual cadro de persoal do Centro de Saúde de Fene  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019*
- 1.5 44894 (10/PNC-003609)  
Grupo Parlamentario de En Marea



Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de especialista do sistema dixestivo e de médico rehabilitador vacantes no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, os investimentos e a dotación de persoal prevista para ese centro, así como a capacidade de xestión desa área sanitaria

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 427, do 06.02.2019*

1.6 44956 (10/PNC-003614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a construción e o remate durante a X lexislatura dos novos centros de saúde do Vinte e Un e de Mariñamansa, en Ourense

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 427, do 06.02.2019*

1.7 45399 (10/PNC-003654)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego en relación coa negociación dun novo convenio colectivo polo Grupo Endesa

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión





Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/02/2019 18:34:31



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.02.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 33674(10/PNC-002757)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilçn Lorenzo, Patricia e 3 mçis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co Centro de Reforma de Menores Avelino Montero, de Pontevedra

*Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Vilán Lorenzo**, **María Luisa Pierres López**, **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, de 12 de xaneiro. Grazas a esta norma, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre coa fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas xudiciais é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

O “Avelino Montero”, en Pontevedra, é un dos centros galegos onde se executan estas medidas xudiciais de internamento. Trátase dunha construción de mediados dos anos 80 que, lamentablemente, está en peores condicións que nos anos 80. O propio Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar comunicou en varias ocasións o desleixo máis absoluto e por anos respecto das instalacións e ata dos menores usuarios do centro: deficiencias múltiples nas infraestruturas e en todas as instalacións e falla de persoal que inciden directamente no posible fracaso das medidas impostas e que só o grande labor das persoas profesionais acada impedir.

Este grupo parlamentario levou o pasado mes de xuño unha pregunta a Comisión sobre o centro e os seus problemas, recibindo respostas vagas e promesas futuras por parte da Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Tan vagas e futuras que onte mesmo, na súa visita ao “Avelino Montero”, unha das deputadas do grupo ao centro puido comprobar en primeira persoa.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/07/2018 11:14  
Nº Rexistro: 33674  
Data envío: 23/07/2018 11:14:54.622



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao Centro de Reforma de Menores “Avelino Montero” de Pontevedra, a:

1. Que proceda, antes de que remate o ano 2018, a elaborar un plan de arranxo do centro e a executar as medidas do mesmo de cara ao seu saneamento integral.
2. Que proceda á dotación ao centro de, a lo menos, unha persoa especializada en Enfermaría e Psicoloxía.

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2018 11:11:50**

**María Luisa Pierres López na data 23/07/2018 11:11:56**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/07/2018 11:12:01**

**Julio Torrado Quintela na data 23/07/2018 11:12:05**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/07/2018 11:14**  
**Nº Rexistro: 33674**  
Data envío: 23/07/2018 11:14:54.622



---

**Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/07/2018 11:12:09**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.02.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 42773(10/PNC-003452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a contención mecánica de persoas atendidas en  
institucións psiquiátricas e residenciais

*Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42773  
Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**, relativa á contención mecánica de persoas atendidas en institucións psiquiátricas e residenciais.

O Movemento Galego da Saúde Mental púxose en contacto cos grupos políticos con representación no Parlamento galego para facernos chegar a seguinte proposición que o Grupo Parlamentar do BNG asume como propia e por tal razón transcribe integramente e presenta para o seu tratamento:

A situación da atención á saúde mental en Galiza foi motivo de preocupación e de propostas e interpelacións ao Goberno da Xunta polos grupos parlamentarios da oposición durante as dúas últimas lexislaturas. Tamén está a ser así na actual.

Foron motivo de preocupación as cuestións relacionadas co estado de insuficiente dotación dos dispositivos asistenciais, as carencias de profesionais de determinadas categorías e en particular da Psicología Clínica, a denegación *de facto* de prestacións recoñecidas tal como a psicoterapia, o empeoramento das condicións de traballo dos profesionais, os efectos da crise e das políticas do goberno da Xunta de Galiza sobre a saúde e a vida das persoas (sendo a cuestión do suicidio un tema dolorosamente central), a vulneración de Dereitos Fundamentais, o estado de PNP.PN

CSM-REXISTRO-23yellp2-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 42773**  
Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

Psiquiátricos, a desplanificación sanitaria neste campo, e a actitude despreocupada e irresponsable do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galiza ante estas cuestións.

Aínda así, e mediando a presión realizada dende a rúa por movementos sociais, fóronse recoñecendo algunhas realidades: elaborouse (aínda que só fora no papel) o Plan de Prevención do Suicidio polos mesmos que antes negaron a importancia da cuestión, e comezouse a traballar no Plan Galego de Saúde Mental nove anos despois de telo desarticulado intencionalmente e despois de repetidas reclamacións ao longo deste tempo.

Hoxe debe ocupar a atención unha cuestión de enorme profundidade e transcendencia, xa atendida por outros gobernos ou cámaras parlamentarias no Estado Español (Congreso dos Deputados, País Valenciá, Andalucía, Madrid, Navarra, Principado de Asturias, Aragón) , con desenvolvemento normativo e/ou plans específicos en países do noso entorno (Reino Unido, Holanda, Finlandia, Islandia, Alemaña, Italia, Suecia). E todo isto nun marco de orientación dende os Dereitos Humanos definido polas Institucións Internacionais que teñen entre as súas misións velar polo respecto aos Dereitos Humanos e impulsar a súa realización e ampliación.

Falamos da contención mecánica de persoas en marcos asistenciais ou residenciais.

A contención mecánica é a acción mediante a cal se inmoviliza con correas a unha persoa, fixándoa xeralmente a unha cama. Limitase así gravemente a súa autonomía reducindo radicalmente o seu movemento, reducíndoa ao espazo que ocupa o seu corpo.

O dramatismo desta acción é evidente. Só o costume de realizala ou vivir con ela impide velo. A súa existencia é un signo de atraso. As implicacións relacionadas cos





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 42773**  
Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

dereitos humanos, coa seguridade física, co risco psíquico e co potencial dano social e estigmatizador son deducíbeis.

Dende hai anos, dende diferentes campos profesionais, de afectados en primeira persoa e familiares dos mesmos, de movementos en defensa dos Dereitos Humanos, Institucións e progresivamente tamén Gobernos, vense expoñendo a necesidade de avanzar cara á superación desta práctica na atención ás persoas que reciben asistencia nos centros de saúde mental ou en centros residenciais.

Tamén se foi progresando na concepción desta práctica, cuestionada dende os mesmos albores da Psiquiatría, sendo hoxe valorada como o punto final do fracaso sucesivo de medidas terapéuticas que deberan ter sido implementadas na atención á persoa antes de chegar á súa redución radical.

Nese senso a contención mecánica non é considerada unha elección profesional e menos aínda unha acción terapéutica, senón unha medida inevitable (a última medida) para evitar un dano que se valora maior. O obxectivo asistencial respecto a ela é a súa prevención.

A súa realización conleva riscos e danos para quen a sofre e para quen a realiza. E se somete á persoa á que se contén a unha experiencia dolorosa, de gran potencial traumático e lesiva da súa dignidade, tamén enfronta aos profesionais que a deban realizar a complexas emocións e contradicións co seu sentir sobre o deber de coidado que debe rexer as súas actuacións coas persoas ás que atenden (tanto máis se se encontran en tan grave estado de vulnerabilidade).

A súa prevalencia relaciónase con carencias de recursos asistenciais (profesionais, materiais, espaciais, actividades), con déficits organizativos , con orientacións incorrectas da actividade asistencial , con carencias de sensibilidade e





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42773  
Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

formación (en particular en relación a dereitos e a procedementos non coercitivos de atención ás persoas con sufrimento psíquico), con carencias de desenvolvementos lexislativos, co predominio de concepcións reducionistas de corte bioloxicista na atención á saúde mental (con desconsideración das dimensións psicosociais da mesma) e a conseguinte predominancia de respostas farmacolóxicas e físicas ás necesidades de atención das persoas, e con ausencia de compromiso do goberno sanitario co respecto e promoción dos dereitos das persoas na súa atención sanitaria.

Esta cuestión xa motivou iniciativas específicas no Parlamento de Galiza en relación coa existencia dun cuarto de uso mixto con tres camas para a contención simultánea de persoas, realizadas en ocasións por tempo prolongado e que se atopa na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica, situada no Hospital de Oza, pertencente ao Complexo Hospitalario da Coruña. Na actualidade, despois de ser denunciada esta realidade reiteradamente polo Movemento Galego da Saúde Mental dende hai case tres anos, volve a ser motivo de preocupación pola súa persistencia e pola pasividade da Xerencia da EOXI da Coruña e da Consellería de Sanidade en poñer fin a unha situación que dana gravemente os dereitos das persoas alí ingresadas.

Por todo o aquí considerado, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza, adoptando como referencia fundamental a *Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade* (ratificado por España no 2007), a resolución do *Consello de Dereitos Humanos da Asamblea Xeral das Nacións Unidas sobre saúde mental e dereitos humanos* (2017), e os estándares definidos polo *Comité Europeo para a prevención da tortura e tratos crueis, inhumanos ou*

CSV: REXISTRO-zzyjelp2-1  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 09/01/2019 09:30:00

Nº Rexistro: 42773

Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

*degradantes do Consello de Europa* (2017) respecto ás medidas de contención en establecementos psiquiátricos para adultos, insta ao Goberno galego a que:

- Na acción de goberno xeral da Xunta de Galiza, e máis en particular na actividade sanitaria e de coidado de persoas con discapacidade, debe prestarse especial atención a súa non diferenciación por razón da súa discapacidade. Debe considerarse que a obriga de protección dos seus dereitos está incrementada en quen teñen a responsabilidade da súa atención e da provisión dos medios necesarios para prestala, e debe recordarse que os gobernos deben modificar os costumes e prácticas existentes que poidan conlevar risco de dano aos dereitos das persoas con discapacidade.

- A través da Consellería de Sanidade, a de Política Social e a Vicepresidencia (en atención ás competencias en Xustiza), debe revisar toda a acción e funcionamento da atención á saúde mental dende a perspectiva da súa adecuación ao respecto e protección dos Dereitos Humanos, promoverá o consentimento informado, apoiará o empoderamento das persoas directamente afectadas e garantizará a participación efectiva das mesmas na elaboración e avaliación de plans e normas e no funcionamento dos dispositivos asistenciais postos ao seu servizo.

- Garantirá respecto á contención mecánica, na perspectiva da súa superación, o cumprimento dos estándares definidos polo *Comité Europeo para a prevención da tortura e tratos crueis, inhumanos ou degradantes do Consello de Europa* e, en particular:

a) esta práctica deberá ter carácter excepcional







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 09/01/2019 09:30:00

Nº Rexistro: 42773

Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

- b) guiarase polos principios de legalidade, necesidade, proporcionalidade e responsabilidade
- c) regularase por lei polo que, no marco de competencias existente, a Xunta de Galiza deba dirixirse ao Goberno Español para o seu desenvolvemento
- d) só se realizará en situación de risco inminente, non sendo aceptable o seu uso con finalidade preventiva por presunción de riscos
- e) concebirase e realizarse como medida de seguridade, non se lle recoñecerá ningunha xustificación terapéutica
- f) baixo ningunha circunstancia poderá ter carácter de castigo, ser realizada por comenencia particular, ou para suplir ou compensar a carencia de medios, tratamentos, ou coidados
- g) realizarse con indicación ou autorización facultativa
- h) a preservación da dignidade da persoa guiará toda a actuación
- i) a persoa en contención deberá estar adecuadamente vestida
- j) sempre se optará pola mínima contención e polo mínimo tempo imprescindible
- k) nunca se realizará a contención conxuntamente con outras persoas ingresadas
- l) se se usaran drogas para a contención química, as mesmas serán de curto efecto

CSV REXISTRO-zzyjelp2-1  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 42773**  
Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

- m) a duración da contención medirase en minutos mellor que en horas. Se perdurara ou se repetira responsabilizase do proceso outro/a facultativo/a e mesmo se trasladará á persoa a outro centro.
- n) a supervisión realizarase mediante acompañamento constante dun membro cualificado do staff profesional, para atender as necesidades da persoa e soste o vencello humano terapéutico. O control mediante cámaras nunca substituirá este acompañamento.
- o) levarase un rexistro preciso e específico das contencións realizadas no que deberá reservarse espazo para os informes das persoas que foron obxecto de contención. O rexistro estará sustentado nunha base externa ao centro baixo a responsabilidade dos servizos de inspección e será de ámbito autonómico con desagregación de datos por centros. A información deberá orientar a acción de redución desta práctica.
- p) preveranse e dotaranse procedementos de queixa confidenciais, accesibles e efectivos.

- A Xunta de Galiza, a través da Consellería de Sanidade e de Vicepresidencia, deberá impulsar a formación en Dereitos Humanos e en orientacións e procedementos non coercitivos na atención ás persoas nos ámbitos asistenciais e residenciais.

- Desenvolver e dotar dos recursos necesarios en saúde mental para poder avanzar na superación desta práctica. O futuro Plan Galego de Saúde Mental debe definir explicitamente o obxectivo da súa superación e prever as medidas necesarias, no marco das orientacións desta proposición, para avanzar cara a mesma.

CSX4 REXISTRO-zzyjellp2-1  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 42773**  
Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

- Clausurar de inmediato o cuarto existente no Complexo Hospitalario da Coruña (CHUAC) e investigaranse as responsabilidades xestoras e políticas da súa existencia e permanencia no tempo.
- Comprobar pola Consellería de Sanidade e a de Política Social que non existen outras unidades asistenciais ou residenciais en Galiza que padezan as deficiencias identificadas no CHUAC e informar ao Parlamento de Galiza no prazo de dous meses.
- Informar no prazo de seis meses ao Parlamento das accións para a creación do rexistro.”

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSV REXISTRO-z3yjelip2-1  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
ep-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2019 09:30:00**  
**Nº Registro: 42773**  
Data envío: 08/01/2019 19:02:52.540

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2019 19:02:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2019 19:02:13**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2019 19:02:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2019 19:02:16**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2019 19:02:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2019 19:02:18**

CSV REGISTRO-zzyjelp2-1  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.02.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 43629(10/PNC-003497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para recuperar a área sanitaria de Valdeorras, dotala de recursos materiais e humanos suficientes e esclarecer a denuncia de falsificación de partes de garda

*Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 16:42:35  
**Nº Rexistro: 43629**  
Data envío: 15/01/2019 16:42:35.384

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á protección da saúde das e dos cidadáns por parte da administración pública debera ser un dos dereitos básicos e irrenunciábeis dunha sociedade moderna, non podendo ser nunca motivo de especulación económica. Esta protección á saúde poboacional de forma universal e gratuíta constitúe unha das principais canles de redistribución da riqueza e da eliminación das fendas de desigualdade social e tamén do punto de vista territorial.

Porén, as decisións dos gobernos de Núñez Feijóo desde que entrou no goberno da Xunta de Galiza teñen ido na dirección contraria. Desta forma, realizou fortes recortes no orzamento sanitario, o que produciu un deterioro preocupante na calidade da sanidade pública galega. Elimináronse arredor de 700 camas hospitalarias públicas a pesar do incremento das listas de espera e da conxestión permanente dos servizos de urxencias e prosegue o desmantelamento e a privatización de servizos asociados ao sistema sanitario.

Neste camiño, entre os meirandes damnificados salientan os hospitais comarcais afastados das grandes cidades, como é o caso do Hospital de Valdeorras. Un camiño que





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/01/2019 16:42:35

Nº Rexistro: 43629

Data envío: 15/01/2019 16:42:35.384

á luz dos feitos tense intensificado após a supresión da área sanitaria do Barco de Valdeorras coa reforma exprés da lei de saúde galega no ano 2018. Unha reforma de costas ás esixencias dos territorios e das e dos profesionais, como quedou de manifesto en numerosas mobilizacións e alegacións que o Partido Popular ignorou.

Na primeira semana de 2019 coñeceuse a denuncia feita pública por un facultativo do hospital no que denunciaba como neste había cadros de garda falsos, figuraba xente de garda que non o estaba e que por exemplo se atopaba de vacacións. Isto condicionou, ao non sabelo o persoal que estaba traballando, que algún paciente tivese que esperar moitas horas para ser desviado a Ourense. Este é un feito gravísimo que podería ter un fatal desenlace e que evidencia a situación de deterioro do hospital. Unha situación inxustificable ao mesmo tempo que sabemos tamén que a hospitalización a domicilio, a Hospitalización a Domicilio (HADO) está sen funcionar por falta de persoal e que hai tres internistas que abandonaron ou están cunha baixa fóra do hospital, e destes tres internistas non hai cubertos máis que un. A todos estes feitos engádese a falta de transparencia que ten denunciado o cadro de persoal.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

a) recuperar a área sanitaria de Valdeorras e dotala dos recursos materiais e humanos suficientes para dar cumprimento ás obrigas de atención sanitaria que corresponden en igualdade de condicións ás e aos veciños das comarcas do oriente ourensán.

CSX4 REXISTRO-TwrBL Nhrw-6  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2019 16:42:35**  
**Nº Registro: 43629**  
Data envío: 15/01/2019 16:42:35.384

b) desenvolver unha auditoría independente que esclareza as circunstancias de falsidade dos partes de garda para establecer medidas ao respecto e reflexe a dotación de medios materiais e humanos do hospital desde 2009 até a actualidade.

c) depurar as responsabilidades precisas polo acontecido respecto da falsidade de partes de garda.”

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 16:41:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 16:41:29**

CSV REGISTRO-TWRB NHRV-6  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
ep-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2019 16:42:35**  
**Nº Registro: 43629**  
Data envío: 15/01/2019 16:42:35.384

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 16:41:30**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 16:41:32**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 16:41:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 16:41:38**

CSV REGISTRO-TWRBLNHW-6  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.02.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 44424(10/PNC-003563)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a cobertura por parte do Goberno galego das prazas vacantes, das baixas, dos permisos e das vacacións, así como o mantemento do actual cadro de persoal do Centro de Saúde de Fene

*Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2019 17:09:28  
**Nº Rexistro: 44424**  
Data envío: 23/01/2019 17:09:28.669



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

Os recortes levados a cabo en Galicia, afectaron moi negativamente no conxunto da sanidade pública, pero dun xeito especial ao ámbito da Atención Primaria, un problema que está a brotar por toda Galicia e do que Fene non escapa.

A falta de persoal dentro da Atención Primaria, provoca a non cobertura de baixas, vacacións ou permisos, que se traduce nunha masificación das consultas, un aumento dos cupos por enriba das ratios estipuladas e un incremento da lista de espera que pode chegar ata dúas semanas para unha cita médica no centro de saúde.

No caso de Fene, existen eses problemas na substitución de persoal, así como a redución de facultativos no verán e a posible amortización dunha das actuais prazas pola xubilación dun médico este pasado 19 de xaneiro. Actualmente, das 10 prazas de médico de familia que hai en Fene, soamente esta cubertas 8, xa que non se levan a cabo nin a cobertura da xubilación, nin unha baixa de longa duración da quenda de tarde. Un 20% menos de médicos que repercute directamente na calidade asistencial e nas condicións laborais do resto de facultativos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 17:09:28**  
**Nº Registro: 44424**  
Data envío: 23/01/2019 17:09:28.669



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Cubrir de xeito inmediato as vacantes existentes no Centro de Saúde de Fene.
- Manter o cadro de persoal do Centro de Saúde, sen que se leve a cabo ningunha amortización de postos de traballo.
- Manter cubertas as baixas, permisos e vacacións.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/01/2019 17:03:36**

**Luis Villares Naveira na data 23/01/2019 17:03:41**

CSX REGISTRO-GZRSJRT9-9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.02.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 44894(10/PNC-003609)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de especialista do sistema dixestivo e de médico rehabilitador vacantes no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, os investimentos e a dotación de persoal prevista para ese centro, así como a capacidade de xestión desa área sanitaria

*Publicación da iniciativa, 427, 06.02.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

Dende a eliminación da capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte, que cobre a unhas 40.000 persoas, en 2010, o Hospital Comarcal de Monforte véñse resentindo nos seus servizos.

Pese á propaganda oficial da Xunta, que defendeu que o cambio reforzaría o Hospital, amósase que tiña razón a cidadanía que se mobilizou para defender a Sanidade pública: o Hospital está a sufrir un paulatino deterioro.

Por unha parte, a especialidade de dixestivo conta con só un profesional, estando xa dous anos sen o segundo dixestivo prometido (e necesario). Deste xeito, as listas de agarda para probas ordinarias poden chegar a pasar do ano e medio e con agardas intolerables en probas diagnósticas de tumores. Para poder axilizar colonoscopias cómpre mesmo facer ingresos hospitalarios non necesarios, co conseguinte aumento de prexuízos para a cidadanía e de aumento dos custes. No último concurso de traslados, non se sacou esta praza. Un dixestivo vén dous días á semana ao Hospital dende o HULA, algo claramente insuficiente e que supón reducir efectivos no Hospital de Lugo. Por outra parte, as probas do cribado de cancro de colon derívanse a Lugo.

Ata hai pouco non se recuperou a segunda praza de cardioloxía, pero logo de soportar durante máis de un ano intolerables listas de agarda neste servizo.





Recentemente, o Hospital quedou sen un médico rehabilitador, quedando só cunha praza, algo totalmente insuficiente nunha poboación avellentada.

No ano 2018 unha folga do persoal do Hospital acadou compromisos por parte do SERGAS de reforzar o persoal auxiliar e celador, pero os reforzos de persoal non son suficientes cando hai momentos de sobrecarga asistencial.

Por outra parte, a Subdirección do Hospital modificou unilateralmente carteleiras de servizos como o de partos, eliminando as quendas de 24h. Como consecuencia desta decisión, tres matronas que levaban toda unha vida traballando no Hospital de Monforte, no que esperaban xubilarse, pediron traslado, polo que agora, como non hai matronas e as que se conseguen que veñan son de lonxe, estase a facer de novo carteleira de 24 horas.

Agora están coa posta en marcha do programa de trazabilidade no servizo de esterilización, algo absolutamente necesario para asegurar a calidade na esterilización, pero para poder poñelo en marcha é preciso a contratación de persoal tanto de enfermaría como de auxiliares, pero isto non se contempla no plan do SERGAS, senón que o plan é quitar unha auxiliar de enfermaría de quirófano e unha enfermeira de mañás, cando sexa necesario.

Por outra parte, perdéronse os seguintes servizos e postos de traballo:

- Un perito en mantemento.
- Carpinteiro, que desde que se xubilou o titular se está a cubrir con acumulo de tarefas, pero non se convoca a praza vacante.
- Unha telefonista, que se cubre dende Lugo.
- A cafetería pasou a ser xestionada por unha cadea, en lugar de ser contratada a empresas locais, coa conseguinte perda da subministración na zona.
- Para mantemento e informática, depéndese de Lugo.





Ademais, o xefe de cociña solicita un cociñeiro/a porque co incremento das súas funcións non pode atender a cociña, e a resposta da Dirección é que están a ver a posibilidade de promocionar un pinche, co que o déficit produciríase entre os pinches.

Onde se plasman os compromisos, que é nos Orzamentos, a Xunta non aposta polo Hospital comarcal. Así, nos Orzamentos da Xunta para 2019, quedou só a partida de xenérica de 690.000 € destinada a “actuacións de mellora en hospitais comarcais”, que se corresponde con tres centros hospitalarios, sendo para a provincia de Lugo (e, polo tanto, para o Hospital de Monforte) só 190.026 €, o cal é irrisorio.

Continuamos dende en Marea, sen que se nos faciliten os datos concretos de listas de agarda reais de cada servizo nin o número de derivacións a Lugo e á privada. Tampouco a Xunta aínda nos trasladou o “plan de mellora” que di ter para o noso Hospital, e non entendemos esta falta de transparencia, a non ser que sexa porque dito plan ou non existe ou é un plan de desmantelamento. Se non hai nada que ocultar, que a Xunta responda e traslade listas de agarda, número de derivacións e plan detallado do que quere facer co Hospital nos vindeiros anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Cubrir, con urxencia, a praza de dixestivo e de médico/a rehabilitador no Hospital Comarcal de Monforte.
2. Trasladar ao Parlamento de Galicia, antes de tres meses, un plan detallado sobre o investimento e dotación de persoal para o Hospital de Monforte nos vindeiros anos.







PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 44894**  
Data envío: 29/01/2019 20:42:22.701



3. Recuperar a Área Sanitaria de Monforte con capacidade de xestión.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Eva Solla Fernández  
Deputadas do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/01/2019 20:19:54**

**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 20:20:01**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 20:20:06**

CSV REXISTRO-cpi504166-1  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.02.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 44956(10/PNC-003614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a construción e o remate durante a X lexislatura dos novos centros de saúde do Vinte e Un e de Mariñamansa, en Ourense

*Publicación da iniciativa, 427, 06.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2019 16:43:57  
Nº Rexistro: 44956  
Data envío: 30/01/2019 16:43:57.257

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

A anterior equipa de Goberno socialista (2007-2015) do Concello de Ourense, xa puxera a dispor da Xunta de Galicia e cedera unha parcela de titularidade municipal no barrio do Vinteún para a nova infraestrutura sanitaria, e fixera ademais un esforzo adicional para a súa explanación e urbanización de xeito previo. Ademais facilitou tamén á Administración autonómica no ano 2010, seis posibles situacións para a construción do novo centro de saúde en Mariñamansa, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio do trámite por parte do Concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do novo centro de saúde para o barrio do Couto, posto en marcha hai pouco máis dun ano, e que se licitou no ano 2012.

CSM-REXISTRO-nllH5Y9xv-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2019 16:43:57**  
**Nº Rexistro: 44956**  
Data envío: 30/01/2019 16:43:57.257

O pasado 25 de xaneiro coñeciamos o anuncio da aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia da construción do novo centro de saúde do Vinteún, dentro dun paquete de 25 centros de saúde que a propia Xunta de Galicia promete construír e reformar en toda Galicia. Oito anos despois sen dar luz verde dende o Goberno galego a esta dotación sanitaria fundamental para Ourense, e a escasos meses da celebración das eleccións municipais, este anuncio do goberno de Feijoo semella soamente publicidade e propaganda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Fixe de inmediato un calendario para o inicio, execución, e remate das obras dos novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa, así como asignar as partidas orzamentarias correspondentes para poder ser levados a cabo durante a X lexislatura.
2. Poña en marcha os mecanismos precisos para instar ao Goberno Municipal a que se comprometa á axilización e formalización de toda a tramitación urbanística precisa para a posta a disposición e cesión definitiva de terreos, xestión de licenzas, modificacións precisas, etc. para acadar que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados durante a X lexislatura.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2019 16:43:57**  
**Nº Registro: 44956**  
Data envío: 30/01/2019 16:43:57.257

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2019 16:03:16**

**Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2019 16:03:22**

**Julio Torrado Quintela na data 30/01/2019 16:03:26**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2019 16:03:32**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.02.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 45399(10/PNC-003654)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego en relación coa negociación dun novo convenio colectivo polo Grupo Endesa

Publicación da iniciativa, 430, do 13.02.2019

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

O pasado 27 de decembro, tras dúas de reunións que se estenderon ao longo de catorce meses, concluíu sen acordo a negociación do convenio colectivo de Endesa, unha empresa cuxa fábrica no concello das Pontes xera uns 300 postos de traballo.

O Grupo Popular reconece a capital importancia da factoría para o concello e a comarca, para a que supón un tractor económico. Ademais, valora moi positivamente o investimento de preto de 220 millóns de euros por parte da empresa, coa intención de alongar a vida útil da central ata un horizonte de 2045, malia as ameazas do Goberno Central de obrigala a pechar en 2030.

Dada a relevancia de dita industria, e posto que este grupo cre na negociación como mellor método para a resolución de conflitos, entendemos que Endesa debe dispoñer dun convenio colectivo actualizado, adecuado ás novas circunstancias das partes e aos retos enerxéticos que se están a dar no conxunto do país.

Son as partes as que deben dialogar e as administracións deben apoialas, mais entendemos que, ao tratarse dun convenio nacional, esta é unha tarefa que lle corresponde ao Goberno Central e que non debe eludir por máis tempo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitarlle ao Goberno de España:

- 1) Que exixa ao Grupo Endesa retomar a negociación dun novo convenio marco, respectando a actual mesa negociadora, e mentres este non se formalice, manter activas as condicións establecidas no IV Convenio Marco.





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/02/2019 13:56:40  
**Nº Rexistro: 45399**  
Data envío: 05/02/2019 13:56:40.787

- 2) Aplicar o disposto no IV Acordo Marco para o Emprego e a Negociación Colectiva 2018-2020 asinado en xullo de 2018 co consenso dos axentes sociais”.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/02/2019 13:52:42**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/02/2019 13:52:52**

**Marta Novoa Iglesias na data 05/02/2019 13:53:00**

**Maria Antón Vilasánchez na data 05/02/2019 13:53:10**

**Moisés Blanco Paradelo na data 05/02/2019 13:53:16**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 05/02/2019 13:53:22**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 05/02/2019 13:53:30**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 05/02/2019 13:53:38**



CSV: REGISTRO-TYooXNEP-8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)